



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE
CASELAS (PONTEVEDRA) , Nº 9/2015 (MANDATO 2011-2015), DE CARÁCTER
EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 10 DE XUÑO DE 2015.**

Salceda de Caselas, 10 de xuño de 2015

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David BESADA PÉREZ (non adscrito)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, José (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

PEREIRA IGLESIAS, Emma (PP)

Concelleiros non adscritos

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Fortunato

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis

LORENZO GONZÁLEZ, Cándido

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa

Grupo municipal mixto

CABALEIRO FERNÁNDEZ, Marina (PSdeG-PSOE)

Secretario do Concello

Carlos López Quintáns



HORA DE INICIO: 09:30

HORA DE REMATE: 09:33

Na Sala de Sesións do Concello, sendo as 9:30 horas, tras convocatoria efectuada polo sr. Alcalde mediante Decreto 215/2015 de 4 de xuño de 2015 para dar cumprimento ao establecido no artigo 36.1 do RD 2568/1986 (ROF) reúnen-se en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación de actas de sesións anteriores: acta sesión plenaria nº 8/2015, ordinaria, celebrada o 24 de abril de 2015.

INICIO DA SESIÓN

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: ACTA SESIÓN PLENARIA Nº 8/2015, ORDINARIA, CELEBRADA O 24 DE ABRIL DE 2015.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante) o **Señor Presidente pregunta** se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 8/2015.

A sra. Pérez González sinala que na última páxina, na última pregunta, o que dixo non é o que pon na acta; senón que o que dixo é que a máquina xa estaba posta alí antes de que chegase ela a concellería na anterior lexislatura, e por iso descoñece a situación.

Non existindo máis observacións, **a acta da sesión nº 8/2015, ordinaria, celebrada o 24 de abril de 2015 é aprobada coa rectificación formulada pola sra. Pérez González, por ONCE VOTOS** a favor dos sres./as concelleiros/as Besada Pérez, González Rodríguez, Álvarez González, Castiñeira Alén, Pérez González, Lorenzo González (membros non adscritos), Cabaleiro Fernández (Grupo Mixto), Núñez Troncoso, Fernández González, Valcárcel Bernárdez e Rodríguez Davila (Grupo Municipal Popular); coa abstención da sra. Pereira Iglesias (Grupo Municipal Popular) por non asistir á referida sesión.

Non existindo máis intervencións, o **sr. Alcalde, Besada Pérez**, levanta a sesión ás nove horas e trinta e tres minutos da mañá, da que estendo a presente acta (que consta de dúas páxinas numeradas do un ao dous, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

O SECRETARIO DO CONCELLO

Carlos López Quintáns

